

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de outubro de 2021**

Ás 17.02 horas do día 21 de outubro de 2021, réunese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidenta:** D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

**Deputados/as do Grupo Popular:**

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández Pérez

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

**Deputado de Democracia Ourensana:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa.

**Deputado non adscrito:** D. José Miguel Caride Domínguez

**Secretario:** D. Adamantino Barreiro García

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular don César Manuel Fernández Gil, que é substituído por dona Ana María Villarino Pardo.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE SETEMBRO DE 2021.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de setembro de 2021.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 16 de setembro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista,** sinala que na comisión do mes pasado se falou do Plan de Igualdade, que se estaba facendo a súa avaliación e que este Plan que finaliza, e desexa coñecer o informe de avaliación das actividades realizadas do dito Plan de Igualdade.

**A Sra. presidenta** responde que, tal e como indicou na comisión do mes anterior, tan pronto como teñan pechado o Plan pasaráselles a todos os grupos. Está pendente de aprobar unha actuación. Tras a reunión do Comité de Igualdade, con motivo da organización do 25 de novembro, realizarase o avance do informe de avaliación final para entregárllelo aos representantes sindicais do Comité, antes de pechar a avaliación final.. Cando ese traballo estea feito se lles facilitará a todos os grupos.

**Don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista,** ante os datos que temos da caída demográfica que se publicaron estes días sobre a nosa provincia e tras aprobar os orzamentos cunha liña continuísta, pregunta se hai prevista algunha actuación ou partida orzamentaria para acometer e afrontar esta sangría demográfica que temos na provincia de Ourense.

**A Sra. presidenta** responde que toma nota da pregunta e que lle contestará polos medios oportunos.

E, ás 17.07 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

